

A' Fraga Rural



*La vida al natural*

Reservas:

Teléfono 607 482 405


A Fraga, 29

36959 MOAÑA

(Pontevedra)

[www.afragarural.com](http://www.afragarural.com)

Taberna  
A' DE LINO



A FRAGA - MOAÑA  
986 315 296

[www.tabernadelino.com](http://www.tabernadelino.com)

# Sta. María de Cela



24  
25  
agosto  
2002

## Festa dos Mozos



**CORPBISO** S.I.

AREA DE SERVICIO



MEJOR LUBRICIDAD  
MÁS LIMPIEZA  
MÁS RESPETO AL MEDIO AMBIENTE  
GRAN PODER ANTIESPUMANTE  
UN GASÓLEO SIN OLOR A GASÓLEO


**LAVADO DE VEHÍCULOS  
CAFETERÍA - TIENDA**

Carretera C-550 - SABARIGO - CELA 36939 (Bueu)  
Teléfono 986 32 43 71 - Fax 986 32 41 38

## A ORGANIZACIÓN PARROQUIAL DE CELA NA SEGUNDA E TERCEIRA DÉCADA DO SÉCULO XX

BELARMINO BARREIRO ROSALES  
ARQUIVEIRO MUNICIPAL DE BUEU

Comenzaba o ano de 1922 cando o Alcalde-Presidente de Bueu saínte, don José García Parada de Cela de corte socialista agrario, logo do Partido Republicano Radical para rematar no partido galeguista nacionalista nos albores do Estatuto de Galicia, cun grupo de inquietos veciños de Cela fundan a **Sociedade de Agricultores de Cela e os seus contornos El Porvenir**, en febreiro do dito ano. Aprobado e publicado na Imprenta de El Pueblo de Pontevedra o seu Regulamento o trece de marzo polo Gobernador Civil interino, Miguel Romero, constituiuse con centocincuenta e oito homes e vintetres mulleres, sendo Presidente da Comisión Organizadora Manuel Fariña, José García secretario e Manuel Piñeiro, contador. De natureza profesional e trinta céntimos de cota buscaba garantiza-la prestación de asistencia médica a través do



## MESÓN DO ARRIEIRO

VIVEROS de MARISCO PROPIOS

Lapamán - MARÍN (Pontevedra)

Teléf. 986 70 23 79 - Móvil 608 08 69 85



INSIGNIA DE ORO  
AL MERITO DE  
GASTRONOMIA

## RESTAURANTE CASA TOÑE

LOCAL CLIMATIZADO

C/. Barón, 15 - Teléf. 986 848 215

(Próximo al Parador de Turismo) - PONTEVEDRA

De Pontevedra a Bueu  
en comer ben o primeiro  
¿Quén é?

o Mesón D' o Arrieiro  
Xa o dicen por ahí  
o Mesón D' o Arrieiro  
e o mellor marisqueiro  
e tamén ten bon Ribeiro

**"Arrieiros somos no camiño  
nos topamos"**

Si NO LE DAMOS 80 EUROS  
A TU HIJA AMENAZA CON LANZARSE  
AL VACÍO desde los ZAPATOS!



financiamento de tres mil pesetas anuais, das que mil saerían dos fondos sociais e as restantes prorrataeas dos propios socios. Segundo rezan os seus Estatutos, tiña como principal obxecto agrupar a tódolos agricultores e traballadores do campo da parroquia e áinda de fóra dela sempre que reunisen os requisitos establecidos para mellora-la súa condición na orde moral, económica, política e social, ó abeiro das leis. Para conseguir tal fin, os socios propoñense: (Artigo 3) 1º.- Fomenta-lo ensino recabando de quien corresponda a creación, sostemento e bo réxime das necesarias escolas públicas, sen perxuízo de costear, cando os fondos así o permitisen, as particulares que os socios e as súas familias poidan adquirir o maior grao posible de instrucción que lles permita coñecer, exercitar e cumpli-los dereitos e deberes propios de todo ciadán libre, así como para encontra-las facilidades na resolución dos problemas que plantexan o desenvolvemento e vicisitudes da vida moderna. 2º.- Crear unha caixa de préstamos mas mellores condicións para, por medio dela, poder remediar as necesidades dos asociados. 3º.- Procurar un seguro mutuo de gando. 4º.- Desenvolve-la produción agrícola, gandería e derivados, procurando a tal fin adquirir e mellora-las sementes, aperos, máquinas e demais aparellos modernos de labranza para que o traballo poida produci-lo maior rendemento posible. 5º.- Manter activas e constantes xestións diante de quien corresponda, encamiñadas a consegui-la desaparición dos foros, censos e demás gravames onerosos que impidan ou dificulen o debido rendemento das terras e a necesaria dignificación de quien as traballe. 6º.- Interesarase por tódalas cargas públicas de toda clase así como dos aproveitamentos comunais suxeitos a unha distribución xusta e equitativa. 7º.- Velar pola pureza da Lei do Sufraxio, elixindo ó abeiro dela, os representantes do Concello, a Provincia e as Cortes Xerais, debendo as persoas que aspiren a obter ditas representacións obligarse diante da Sociedade, segundo os casos, a recoller e cumpli-las aspiracións e instruccións que lle foran comunicadas, relativas ós intereses xerais dos representados. 8º.- Sostelo principio de solidaridade entre os asociados e coas demás sociedades agrarias. 9º.- Propaga-la asociación e todo canto poida beneficiar á agricultura. Fóra deste obxecto os socios quedan na liberdade para defender e propaga-las opinións que consideren más acertadas, independentemente da organización social.

Tan só un ano despois, en setembro de 1923, os socios eran douscentos oitenta e sete e apunto estivo de converterse nun xerme de cooperativismo agrario que nunca chegaría a callar. Un dos responsables, o que sería nos anos posteriores da Segunda República, Presidente da Comisión Xestora Municipal e Deputado Provincial polo Partido Republicano Radical, Ramón Domínguez Ferradás, aquí en funcións de secretario.

Bar - Cafetería  
**TORRÓN**

Torrón, 61 - CELA  
Telf. 986 32 42 66

VINOS DEL PAÍS  
ALBARIÑOS, TINTA FEMIA  
COCINA GALLEGA Y ANDALUZA

BUEU  
(Pontevedra)



Vinoteca  
**ACEPA**

C/. Montero Ríos, 173 - Teléfono 986 32 00 09  
BUEU (Pontevedra)  
[www.bueuocio.com](http://www.bueuocio.com)

## REGLAMENTO

DE LA

### SOCIEDAD DE AGRICULTORES DE CELA

Y SUS CONTORNOS

### “El Porvenir”



PONTEVEDRA  
Imp. de El PUEBLO  
1923

( 1.- Reproducción portada do Regulamento da Sociedade)



# TALLERES BUEU

**servicio oficial peugeot**

Pazos Fontenla, 82 - Teléf. y Fax 986 32 24 95

B U E U (Pontevedra)



Calle  
Castelao, 12

## A refundación

Na parroquia de Cela a tres de maio de mil novecentos trinta e dous para dar cumprimento ó preceptuado pola lei, reuníronse tódolos socios que constitúen a nova Sociedade de Agricultores co obxecto de nomeala Directiva que ha de dirixila. Despois de tomar impresións entre todos eles, procedeuse á elección resultando elixida a seguinte Xunta Directiva: Presidente, Agustín García Parada. Secretario, Manuel García Entenza. Vicesecretario, Manuel Garrido Piñeiro. Contador, José Rosales Freire. Tesoureiro, Manuel García Carballo. Vocais, José Estévez, Constante Otero, Manuel Fazáns Garrido. Revisadores de contas, Manuel Amoedo Santaclara, José Cerviño Parada, Manuel Gayo Freire. Como o obxecto da mencionada sesión sólo era facer nomeamento da Directiva, logo de acordada en tal sentido e de térense posesionados nos seus respectivos cargos para ela nomeados, suspéndese a sesión sen tratar de ningún outro asunto. Seguen as sinaturas.

Sería nestes tempos cando impulsado pola Sociedade de Agricultores e sendo Presidente da Festa dos Mozos, Didio Lorenzo de la Torre, proxéctase a construción dun palco permanente no eirado, ata entón de madeira desmontable cada ano. Dito palco, posible gracias ó bote de cartos xuntados nos anos anteriores e más concretamente polo presidente saínte, José Lagos, foi inaugurado polo Deputado en Cortes pola provincia e partido de Pontevedra, don Emiliano Iglesias Ambrossio, en tempos da Segunda República e a propósito da súa estadía en Cela na casa de don Ramón Domínguez Ferradás na Torre, así como dunha alocución moi escoitada e aplaudida que mesmo foi obxecto de seguemento pola prensa da época, dada a implantación do Partido Republicano Radical no Morrazo.

Deputado este que, interesado no devir da asociación de labregos, non exenta claro, de certo interese particular de propaganda no asunto, chegou a sufraga-la metade dos gastos de atención médica e sanitaria dos asociados na parroquia. O primeiro médico contratado na antedita prestación foi don José Mato(s) quen tras varios meses de prestación empezaba a cobrar aparte certos servicios entre os socios o que provou grande malestar entre os mesmos e a elevación da correspondiente queixa formal diante de don Emiliano Iglesias quen autorizou a un cambio de doctor. Foron facultativos un fillo de Agustín García de Cela e Luis Pimentel de Bueu.

# ALUMINIOS BUEU, S.L.

Alexandre Bóveda, 26  
Teléfono 986 320 052 - Fax 986 320 052  
36930 BUEU (Pontevedra)

G'A Gestoría G'A Cobián  
Cobián, s.l. Asesores, s.l.

Glorieta de Compostela, 38 - 1.<sup>o</sup>  
Teléfono 986 866 223\* - Fax 986 862 829  
36001 PONTEVEDRA  
E-mail: gestoriacobian@gestores.net  
[www.cobian.com](http://www.cobian.com)



## CAPITULO I

### *Denominación y objeto de la Sociedad*

ARTÍCULO 1.<sup>o</sup> Los agricultores de Cela y sus contornos constituyen una Sociedad denominada «Sociedad de Agricultores de Cela y sus contornos «El Porvenir».

Art. 2.<sup>o</sup> Esta Sociedad tiene por principal objeto agrupar en su seno a todos los agricultores y trabajadores del campo de la parroquia y aun fuera de ella, siempre que reúnan alguno de los requisitos establecidos en el precedente artículo, para mejorar su condición en el orden moral, económico, político y social, al amparo de las leyes.

Art. 3.<sup>o</sup> Para conseguir tan necesario objeto, los socios se proponen: 1.<sup>o</sup> Fomentar la enseñanza, recabando al objeto de quien corresponda la creación, sostenimiento y buen régimen de las necesarias escuelas públicas, sin perjuicio de costear, cuando los fondos sociales lo permitan, las particulares que se precisen como complemento de aquéllas, a lograr que los socios y sus familias puedan adquirir el mayor grado posible de instrucción que les permita conocer, ejercitar y cumplir los derechos y deberes propios de todo ciudadano libre, así como para encontrar facilidades en la resolución de los problemas que plantean el desenvolvimiento y vicisitudes de la vida moderna. 2.<sup>o</sup> Crear una caja de préstamos en las mejores condiciones para, por medio de ella, poder remediar las necesidades de los asociados. 3.<sup>o</sup> Procurar que entre los asociados que lo soliciten haya el seguro mutuo de ganados. 4.<sup>o</sup> Desarrollar la producción agrícola, ganadería y sus derivados, procurando a tal fin adquirir y mejorar las semillas, arados, máquinas y demás aparatos modernos de labranza.

( 2.- Reproducción do selo e páxina primeira da Sociedade )



Avenida Montero Ríos, 61-63  
Telf.: 986 32 26 16 - BUEU



## SERVICIOS FINANCIEROS SEGUROS GENERALES

C. Montero Ríos, 38 Bajo  
Teléfono 986 324 029 - 36930 BUEU  
PONTEVEDRA  
[diegopastoriza@jazzfree.com](mailto:diegopastoriza@jazzfree.com)

Case simultaneamente á primeira, en 1923, ten lugar a constitución doutra das Sociedades Veciñais da parroquia de Cela. Esta vez do **Sindicato Agrícola de Cela**, constituído o vinte de xullo e legalizado o quince de setembro, sendo Gobernador Civil don M. Romero e promotores do mesmo, Ignacio Lis, José García e Antonio Amoedo.

O obxecto do Sindicato é o engrandecemento integral dos socios e en particular o fomento da riqueza agrícola, forestal, pecuaria e industrias anexas. Os seus fins son:

- a) Conseguila maior equidade nos repartimentos municipais
- b) Facilitala instrucción agrícola por medio de conferencias, escolas e campos de experimentación que levan á máis práctica mellora das especies e á súa maior utilidade para o asociado
- c) Estimular por tódolos medios a mellora e cría de gando
- d) Adquirir colectivamente as sementes, estercos minerais, plantas, árbores e razas escollidas de animais domésticos reproductores; aramio, azufre, sulfatos e cal
- e) Vixiar e conservala propiedade rural fomentando o arborado, pesca, caza e paxaros útiles á agricultura.
- f) Previr e remedia-las plagas do campo e enfermidades do gando
- g) Arranxo de camiños, fontes, canles e pozos, con alumamento de mananciais.
- h) Instituír no seu local unha escola para os fillos dos socios
- i) Auxilios en caso de necesidade e enfermidade por bonos ou vales
- k) Amigable arranxo das diverxencias entre socios a fin de evitaren litixios e amparo dos dereitos dos asociados


Ademais proponse realizar tódolos fins que a vixente lei de sindicatos agrícolas determina no seu artigo primeiro. Tamén haberá de constituir no seu día, seccións de cooperativas, mutualidade de seguros contra as perdas de gando, caixa rural de aforros e préstamos que funcionarán con suxección ós seus respectivos estatutos.

As utilidades constituirán un fondo de reserva destinado a obras de socorro común á agricultura e gandería nas distintas variedades que son obxecto e fin desta sociedade e a socorro dos socios nas situaciones prefixadas.

O esforzo persoal e colectivo dos socios no logro das finalidades perseguidas, engadirase a xestión particular e oficial encamiñada á súa maior eficacia práctica; a estes efectos poderá intervir esta sociedade na vía pública do xeito que considere máis convinte.

A cota de ingreso é de 0,77 céntimos de peseta pagados dunha soa vez e a mensual, de 0,50 céntimos de peseta pagados por adiantado.

No censo e estatística de 1927, o sindicato agrícola de Cela, presidido por Benito Fazáns contaba con cincuenta e cinco socios. Dita sociedade gozaba das exencións fiscales e tributarias recoñecidas nas leis.



A  
L  
E  
T  
R  
A

A.R. CASTELAO, n.º 24 BUEU  
Telf.: 986 32 30 21

## Muebles LOGAR

Muebles todos estilos □ □ □

Cocinas de fabricación propia

Diseños a medida



E S T A T U T O S

DEL

S I N D I C A T O   A G R I C U L A

D E

C E L A

(3.- Reproducción portada dos Estatutos e selo do  
Sindicato Agrícola de Cela)

XOEIRA  
C/. MONTERO RÍOS, 177

aturuxobar

Pazos Fontenla, 59 / Apartado 83  
Bueu  
Telf.: 986 32 25 69  
[info@aturuxo.net](mailto:info@aturuxo.net)

[HTTP://ATURUXO.NET](http://ATURUXO.NET)

#### A Sociedade Obreira de Oficios Varios de Cela

Promovida no oito de marzo de 1932 por Manuel Loira Pastoriza, Manuel Buján Juncal e Manuel Soage Freire, nace a terceira das Sociedades nacidas no esplendor do asociacionismo profesional do novo século que obterá a súa legalización o once de marzo sendo Gobernador Civil, Manuel Ínsua. Publicado o seu Regulamento na Imprenta de Couceiro da rúa de García Camba, seis días despois, tiña lugar o acto formal de constitución e elección da primeira Xunta Directiva no local social da época, cal era a Casa Calviño no número cincuenta e dous do lugar de Castrelo. Con unánime aquiescencia de tódolos presentes, foron designados a ocupar os cargos directivos os seguintes veciños : Presidente, Manuel Pousada Loveira. Vicepresidente, Manuel Soage. Secretario, Manuel Loira Pastoriza. Vicesecretario, Manuel Buján. Contador, Benito Ave. Tesoureiro, Benito Lorenzo. Vocal primeiro, Rogelio Padín. Vocal segundo, Manuel Castro. Vocal terceiro, Antonio Lorenzo. Revisores de contas, José Loira, Manuel García e Camilo Ave. Aceptados e posesionados dan público coñecemento do seu Regulamento.

Os individuos que desexen ser socios, dirixiranse ó delegado do taller ou obra na que traballasen e este tomará nota dos seus nomes e apelidos e dará conta ó Presidente para acordar coa Xunta Directiva o que proceda sobre a admisión. A cota coa que debe contribuír cada socio é dunha peseta mensual, sen perxuízo de aumentala cantidade cando a sociedade o crea opportuno para o seu desenvolvemento e lucimento en épocas de bastante traballo. Poderá constituír unha clase nocturna en calquera época que poida e queira segundo os fondos para a ilustración dos socios. Constitúese co obxecto de mellorar en todo o posible o estado e condicións de traballo dos asociados (artigo 11).




# Electricidad A. SOUTO

- ★ Electricidad en general
- ★ Calefacción eléctrica por acumuladores
- ★ Tarifa nocturna

C/. Pazos Fontenla, n.º 75 A  
BUEU

Telf.: 986 32 13 97  
659 05 49 89



## REGLAMENTO

DE LA

## SOCIEDAD OBRERA DE OFICIOS VARIOS

DE

## CELA



( 4.- Reproducción da portada do Regulamento da Sociedade  
Obreira de Oficios Varios de Cela )

**ESCUELA INFANTIL  
TRANVIA**  
**Asociación Educativa**



**PERSONAL ESPECIALIZADO  
ALUMNOS DE 0 A 3 AÑOS  
TRANSPORTE - COMEDOR - PSICOLOGO - INGLES  
PATIO EXTERIOR E INTERIOR  
HORARIO AMPLIO EN JORNADA CONTINUA**

Xoán Carballeira, n.º 15      Telf.: 986 32 43 10

**GRACIAS POR CONFIARNOS LA EDUCACIÓN DE TU HIJO/A**

**popelin**  
Telas

**LIQUIDACIÓN  
TOTAL POR REFORMAS**  
**INFANTILES 3€  
CUADROS LISOS, ESTAMPADO  
SEDAS, ENCAJES, DESDE 6€**

*Aprovecha la oportunidad!!*

Alexandre Boveda, 25  
Telf.: 986 32 25 94 - BUEU

No trece de setembro do mesmo ano de 1932, en sesión extraordinaria, renova xa a directiva quedando constituída do seguinte xeito: Presidente, José Freire Pastoriza. Vicepresidente, José Santomé Iglesias. Secretario, Manuel Freire Carballo. Vicesecretario, Manuel Soage Loira. Contador, Didio Lorenzo de la Torre. Tesoureiro, José Loira Pastoriza. Vocal primeiro, Manuel Lino Loveira. Vocal segundo, José Pastoriza Freire. Vocal terceiro, Agustín Riobó Loveira. Comisión revisora, Benito Freire Pastoriza, Agustín Lorenzo de la Torre e José Soage Freire.

Consta acta de clausura do seguinte teor literal:

En Bueu ás dezanove horas do día sete de novembro de mil novecentos trinta e catro, previo requeremento da Alcaldía (Ramón Domínguez Ferradás) constitúense ante a mesma, o Presidente e Contador da Sociedade, José Loira Pastoriza e José Rodríguez Chapela respectivamente, quen trouxeron unha caixa de madeira coa documentación correspondiente á sociedade referida por carecer actualmente de local. Dentro desa caixa, existe o Regulamento orixinal e vinte más impresos, un libro de catas, un rexistro de socios, un libro maior, un de contaduría, seis bloks de recibos de socios, dos carimbos de caucho, un timbre e algúns papaeis sen importancia. A presencia dos mesmos e das testemuñas Manuel Palmeiro Iglesias e Camilo Verde Troncoso, procedeuse ó precintado de dita caixa que equivale á clausura da Sociedade, en cumprimento do artigo terceiro do bando do Excmo. Sr. Gobernador Civil da provincia de data seis de outubro último. Consiste o precinto nun fío de aramio pasado por dous sunchos de ferro colocados un na tapa e outro no corpo da caixa suxeitos polos seus extremos por un precinto de plomo coa inscrición Concello de Bueu. A caixa queda depositada neste Concello e a súa chave é gardada polo Presidente José Loira Pastoriza. E para que así conste, esténdese a presente que asinan tódolos que interveñen neste acto, contra o cal non se formulou reclamación de que certificalo. Seguen as rúbricas. José Fernández Barros, srio.

A continuación figura o seguinte decreto: accedendo ó interesado por José Loira Pastoriza e José Rodríguez Chapela, entréguese a caixa que contén a documentación da sociedade Oficios Varios de Cela. Bueu, 30 de marzo de 1936. O Alcalde-Presidente, José Gómez de la Cueva. Recibimos a caixa a que se refere o decreto precedente. José Loira e José Rodríguez.

Nin que dicir ten que quen acabou con todo este movemento asociativo amén doutras realidades e secuelas menos tanxibles foi a sublevación militar



PLANTILLAS  
SILLAS DE RUEDAS  
AYUDAS TÉCNICAS

Pazos Fontenla, 23  
36930 BUEU (Pontevedra)

CALZADO A MEDIDA  
Y ORTOPÉDICO  
PRÓTESIS Y ÓRTESIS

Telf./Fax: 986 32 00 64



**639 388 468**

E-MAIL: [macolectricade@yahoo.es](mailto:macolectricade@yahoo.es)

**Manuel Castro Otero**  
INSTALADOR AUTORIZADO

**Alexandre Bóveda N° 32**  
Bueu 36930  
Pontevedra  
986 32 04 82

### Instalación e reparacións en:

Vivendas  
Industrias  
Locais comerciais  
Tarefa nocturna  
Porteiros e video porteiros  
Telefonía básica  
MATV  
SMATV  
CCTV  
Control automático de accesos  
Sistemas de seguridade

e a guerra civil de 1936, aproveitada por algúns veciños para practicar outra guerra paralela que non consta nos libros, semente que áinda estamos a sufrir nos nosos días: .....

### Idiología

Nos tempos nos que algúns eramos áinda más parvos do que agora somos, ocorreu que a intrahistoria petou en nós e fixonos deter diante dun portal de quinteiro en Cela. Si, deses que todos foron desmantelando e substituíndo por xardíns, balcóns e garaxes. ¿Reparastes na variedades deles? Seguro que os vellos carteiros rurais sábeno moi ben. Para ser un quinteiro fino debe estar adintelado, a dúas augas, co seu distintivo en baixorelevo, data e o portal cobixado de arriba a baixo, reforzado con contrapaños, aldaba rechamante e con rampa descendente de acceso para favorece-lo esterco dando á fiestra da cociña mediando un patín tamén cuberto da que pode saír unha canaleta cara as aledañas cortes fondas do gando espaciosamente distribuídas e as barras para a palla centea.

Certo día de sol de xustiza, fixo que escollerámo-la rota dun fondo camiño empedrado ( dos que agora se lles pasa a escavadora ) obscurecido pola frondosidade da vexetación e que foramos parar precisamente nun rechan fronte a un maxestuoso portal de quinteiro cos beirais de pedra enmusgado en pleno agosto, con enredadeiras por perrera, con data e cruz no dintel, todo el de castiñeiro, superviviente a décadas de abandono gracias á sintonía de carpinteiro e canteiro ( posiblemente da sociedade de canteiros e oficios varios) que propiciaron a proporcionada ubicación para defendelo da chuvia e evitar así unha prematura podredume. Nunha loita na que o monte recuperaba o terreo trasmontado polo labradío, atopábbase aquel portón imponente contrastando cos baixos muros de mampostería que calquera podería abancar por sendos lados, nalgún tempo flanqueado por viñas aramiadas de tintafemia do que xa non hai e que serviría de peche natural a toda esta facenda de labranza. Cumprindo a súa función o portal co cerollo botado non deixou entrar..... A ventana do sala orientada ó solpor deixaba ve-lo reluxo de sol do orno co mar de fondo enmarcado na silueta das Ons. As entreabertas contras apuntaban a un vello baúl daqueles da emigración que entre roupas de mérito do noso país agochábase unha bandeira tricolor republicana que a modo de atado protexía un mazo de correspondencia familiar e algunas estampas de primeiros de século. Fóra do atado, soltos, uns plegos manuscritos do que debeu ser unha fonda amizade entre doux mozos de Cela que a bo seguro compartirían a organización de algunha que outra festa e que a guerra veu a definir a dou-

# AGRÍCOLA GARRIDO

*Pollos, Piensos, Cereales*

**Servicio a Domicilio  
GRATUITO**

C/. Pazos Fontenla, 7

Bueu

Telf.: 986 32 06 99



**IGLESARIO 16 - CELA**

**Tfno.: 986 32 26 33**

próximos descoñecidos, a dous veciños :

Valdescalera. Mi más apreciable amigo: me alegraré que al recibo de la presente te encuentres disfrutando de una completa salud en compañía de todos los de tu casa, quedando la mía buena, por el momento. A Dios gracias. Muvhás veces he pensado en escribirte y otras tantas he desisitido de mis propósitos por parecerme de que no te agradaría de que yo te molestase sin tener cosa de particular con que llamar tu atención, pero en fin, hoy me he decidido a romper este silencio, pidiéndote me perdone la libertad que me tomo. El motivo de la presente no ha sido otro simo el de saber algo de ti, a la vez de felicitarte por la "obra" que estás llevando a favor de la nueva España, pues a mi me gusta que haya una retaguardia que trabaje por recompensar las bajas que el frente pueda tener. Nosotros qui por el momento nos encontramos bien, pues pasada la tormenta de los primeros días, seguimos en calma casi completa. El mayor trabajo que tenemos durante el día es la "caza de trimotores", pues eso si; que nuestros alásticos y calzoncillos son verdaderos campos de aviación donde se encuentran cañas, pavas y aparatos de bombardeo. Después la noche la pasmos soñando con los recuerdos de aquellas horas vividas en algún tiempo mejor, pues yo en los momentos que consigo dormir, todos mis sueños van encaminados a recordar las alegres horas pasadas en esa amada "terriña". Veo Cela con sus campos llenos de flores y sus caminos torcidos por los que tanto paseé en busca de alguna cita; veo el salón Parapía lleno de mujeres guapas donde dos ojos traidores me clavan como puñales, al mismo tiempo que oigo salir de la vieja orquesta las tristes notas de un tango. Cuando más dulce es el sueño, el estampido de un cañonazo lejano me despierta del letargo y entonces... ¡que terrible realidad! Los campos llenos de flores son montes llenos de nieve, los caminos de mi aldea, zanjas de las trincheras, el baile de Parapía se me ha vuelto un parapeto; el brillo de aquellos ojos es brillo de dos machetes; aquellas mujeres guapas se me han vuelto mosquetones; y por si esto fuera poco, las notas del triste tango es el tableteo de alguna ametralladora. Con el orgullo que tu puedes suponer, de nuevo quedo convertido en un fiel soldado de Franco. Pasando ya largo rato, oigo que unos compañeros míos cantan la siguiente copla: "Cada uno de nosotros ya tiene echado su suerte; cuando entramos en combate vamos buscando la muerte". Aguardando lo que la suerte disponga, queda este que mucho te aprecia y con el brazo en alto se despide de ti al grito de Viva España.

1937. Recuerdos a tu padre y Sra. Carmela. Me dispensarás por la letra que es escrita de noche y como puedes suponer ya voy perdiendo la costumbre de hacer las "cosas" a palpar.



CALEFACCIÓN, S.L.

## INSTALADORES AUTORIZADOS

- Calefacción
- Fontanería
- Electricidade
- Gas

## INSTALACIONES - REFORMAS - MANTENEMENTO

Montero Ríos, 153  
36.930 BUEU

Tfno./Fax: 986 32 00 29  
e-mail: [intecal@eresmas.com](mailto:intecal@eresmas.com)



# GAYA

MOAÑA  
Concepción Arenal, 186  
Telf.: 986 31 01 95


BUEU  
Eduardo Vicenti, 34  
Telf.: 986 32 10 97

.Frente de Castellón (sector de la Costa). 10 de mayo de 1938.  
2º Año Triunfal. 4ª Compañía. Ejército en operación. Batallón infantería  
núm. 108. División 105. Postal militar. Saludo a Franco. Arriba España.  
Apreciable amigo: deseo te encuentres de salud en compañía de tu familia  
quedando yo sin novedad por el momento. La presente es para decirte que  
hace tiempo que te mandé una carta a la cual no tuve contestación, por lo  
que espero me digas motivos. Yo por aquí continúo muy bien y contento,  
pues lo que tenemos de malo es la lluvia que nos está impidiendo dar a los  
rojos la paliza definitiva. Recuerdos para todos los de casa; y tu recibe el  
aprecio de este tu amigo que con el brazo en alto se despide de ti al grito de  
¡¡Arriba España!!.

Velaquí a idioloxía do pensamento único dos que confunden a unión  
coa unidade e a unicidade. Vale.

Torre de Santa María de Cela, xullo e once de dous mil dous

MARÍN - CADRELO  
PARDAVILA (PONTEVEDRA)  
TELÉF. 986 70 25 62



# Casa Blanca



TODOS LOS NIVELES - GRUPOS REDUCIDOS  
MEDIOS AUDIO-VISUALES  
PROFESORES TITULADOS CON AMPLIA EXPERIENCIA

Pazos Fontenla, 27 - 2.º - Teléf. 986 32 34 82 - BUEU

# BAZAR **CRISTINA**



**OBJETOS DE REGALO**

C/. Castelao, 18 - BUEU  
Teléfono 986 32 21 13

## Saiido da Comisión de Festas

Como cada ano chegadas estas datas, Cela está en festas. Non podía faltar as da Xuventude, con motivo das que publicamos este folleto, que esperamos sexa do agrado de todos.

As festas en Cela teñen moi antigua orixe e renombrada fama. Son un patrimonio de todos e cada un dos habitantes de Cela o que nos sentimos orgullosos. Certo é que supoñen un sacrificio para todos, nembargantes a súa falta será a perda de parte da nosa identidade cultural (por outra banda xa bastante escasa). Creemos polo tanto importante que tan vella e fermosa tradición non se perda.

Queremos agradecer tamén a colaboración de aquellas persoas que ben adquirindo rifas, ou a través de donativos, fan posible a celebración destes actos.

Especial mención queremos facer da importancia cada vez maior das aportacións de gran cantidades de firmas comerciais, a través da publicidade que expoñen nos nosos carteis e folletos; vaia para elas tamén o noso especial agradecemento.

A Comisión de Festas da Xuventude desexalles a todos moi felices festas, esperando que estas sirvan para o deleite tanto de propios da terra, como dos forasteiros que nos queiran visitar, xa que as portas están abertas para quen queira vir.

A Comisión.



CONSTRUCCIONES  
**Antón, S.L.**

Pousada, 9 - 36939 Cela - Bueu (Pontevedra)  
Telf./Fax: 986 32 35 13 - Móvil: 615 39 60 21

Tus libros en ...

**MIRANDA**

**TU LIBRERÍA EN EL CENTRO DE BUEU**

Telf.: 986 32 05 04

femies@terra.es

■  
Compoñentes da  
*Comisión de Festas*

*Ramón Cerviño Valero*

*Silvia Gómez Masenlle*

*Rosario Loveira Loveira*

*Damián Malvido Pena*

*Rosario Martínez Piñeiro*

*Maria J. Otero Graña*

*Laura Otero Loveira*

*Anxo Pena Juncal*

*Miriam Portela Fernández*



C/Pazos Fontela, 45 36930 Bueu  
986 32 32 77 Pontevedra

Zapatería



**NOUTRORA**  
INFORMÁTICA

AV. PAZOS FONTENLA, 64. BUEU  
TLF. 986 - 322 - 542

WWW.  
**NOUTRORA.**  
COM

# STA. M.ª DE CELA 2002

## Festa dos Mozos

\* Sábado, dia 24 de Agosto \*

- ★ A las 12,00 h. da mañán Gran Tirada de Bombas anunciando o comenzo dás Festas.
- ★ Pola noite e a partires dás 22,30 horas actuación dá fabolusa Orquestra:

# CHARADA

QUE ALTERNARÁ  
DURANTE TODA A NOITE COA  
ORQUESTRA

# VIDA



# Restaurante *Casa Checho* COCINA TIPICA

ILLA DE ONS - BUEU (Pontevedra)  
Teléf. 986 68 77 61 - 986 68 76 98 - 986 32 04 91  
Móvil 629 79 81 04

 Discoteca  
**GALAS**  
Cangas  
Café-Cocktail  
**cocoloco**  
*Bueu*

## STA. M.<sup>a</sup> DE CELA 2002 Festa dos MOZOS • Domingo, día 25 de Agosto •

- ★ A partires dás 10,00 h. Pasarrúas a cargo da Banda de Música:  
**ARTISTICA de BUEU**
- ★ Ás 13,00 h. Misa Solemne seguida da Procesión.
- ★ Ás 20,00 h. reunión dás xuventudes de Ardán e Cela dando paso ás "tradicionais Vivas", durante este acto repartirase viño Tinta Femia da Parroquia.
- ★ Como remate a este acto concerto a cargo da citada Banda de Música.
- ★ Seguidamente Verbena coas Orquestras:

**DETROIT**  
e **TEIDE**

